



## REUNIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA DO DÍA 07/03/2012

Ante as inquedanzas xurdidas entre o PAS laboral a raíz da publicación do “*Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral*”, o Comité de Empresa recorda que na reunión realizada o 17/02/2012 decidiu, por unanimidade, instar á Xerencia a negociación da funcionarización de todo o colectivo así como urxir a axilización dos asuntos pendentes.

Para transmitirle estas decisións o día 23/02/2012 solicitóuselle ao novo xerente unha reunión, que contase coa presenza da xerente anterior, á que se comprometeron. Transcorrido un tempo prudencial sen producirse a súa convocatoria, hoxe, de novo por unanimidade, decídese facer unha nova solicitude mediante rexistro, nos termos acordados na reunión realizada o día 17/02/2012, na que se tratará:

Transmisión, de xeito urxente, da RPT (onde se reflictan as prazas da Transitoria II) pola que levamos anos agardando.

Inicio do proceso de negociación e execución de:

- Funcionarización
- Transitoria II do Convenio Colectivo
- Novo Convenio Colectivo

Comité de Empresa.